

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 1 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se efectúa a convocatoria para o acceso ás bolsas para a provisión temporal, mediante interinidade, de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional das entidades locais galegas.

Artigo 1. *Obxecto*

1. Efectúase a presente convocatoria para a elaboración de tres bolsas de ámbito autonómico para a provisión temporal mediante interinidade de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Elaborarase unha bolsa por cada unha das seguintes subescalas:

- a) Secretaría-intervención.
- b) Intervención-tesouraría.
- c) Secretaría.

2. A presente convocatoria réxese polas disposicións contidas na Orde do 30 de novembro de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional (DOG núm. 229, do 1 de decembro), en especial polo disposto no seu capítulo II que establece as bases das bolsas para a selección de persoal interino.

3. Este procedemento habilitase na sede electrónica da Xunta de Galicia co código PR410A e os modelos correspondentes están dispoñibles no enderezo <https://sede.xunta.gal>

Artigo 2. *Requisitos xerais*

1. As persoas aspirantes a formar parte de calquera das tres bolsas que agora se convocan deberán reunir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes,



os requisitos xerais establecidos no punto 1 do artigo 3 da Orde do 30 de novembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 229, do 1 de decembro).

2. Respecto da titulación exixida, as persoas candidatas deberán posuír, ou estar en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de instancias, calquera das seguintes titulacións:

a) Para a subescala de secretaría-intervención:

Licenciado en Dereito, licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, licenciado en Socioloxía, licenciado en Administración e Dirección de Empresas, licenciado en Economía, licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras ou o título de grao correspondente.

b) Para a subescala de intervención-tesoreraría:

Licenciado en Dereito, licenciado en Administración e Dirección de Empresas, licenciado en Economía, licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras ou o título de grao correspondente.

c) Para a subescala de secretaría:

Licenciado en Dereito, licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, licenciado en Socioloxía ou o título de grao correspondente.

Artigo 3. *Presentación de solicitudes*

1. Para ser admitidas na presente convocatoria, as persoas interesadas presentarán a súa solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e que se incorpora a esta resolución como anexo I.

A titulación e formación exixidas para participar neste procedemento permite aos aspirantes acceder e dispoñer dos medios necesarios para a presentación de solicitudes e realización doutros trámites regulados nesta resolución utilizando só medios electrónicos, dando así cumprimento á previsión do artigo 14.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



2. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data da presentación de solicitude aquela en que fose realizada a dita emenda.

4. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. As persoas solicitantes terán que cubrir debidamente todos os campos obrigatorios exigidos no formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e indicarán necesariamente a subescala ou subescalas en que solicitan a súa inclusión, así como a zona de preferencia en que desexen estar incluídas. No caso de haber solicitudes que non indiquen todo o anterior, serán rexeitadas sen máis trámites.

6. As solicitudes conterán, ademais, unha declaración responsable de que cumpre cos requisitos xerais sinalados no artigo 3.1 da citada Orde do 30 de novembro de 2017, de que ten acreditado o coñecemento do idioma galego segundo o disposto no artigo 3.2.b) desa mesma orde, se for o caso, e da veracidade da relación de méritos que alega dos sinalados no artigo 4 tamén desa mesma orde.

7. Teranse en conta unicamente aqueles requisitos e méritos que as persoas interesadas fagan constar expresamente na súa solicitude de incorporación á bolsa e que queden debidamente acreditados.

Artigo 4. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación*

1. As solicitudes virán acompañadas da documentación acreditativa dos méritos alegados:

a) Certificado da secretaría da corporación local correspondente sobre os servizos prestados en postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional en virtude de nomeamento accidental ou interino.

b) Certificación acreditativa emitida polo órgano competente dos exercicios superados da oposición de acceso á escala de funcionarios de la administración local con habilitación



de carácter nacional, onde conste a orde de convocatoria a que corresponden, así como os exercicios superados en cada caso.

c) Certificado oficial que acredite o coñecemento da lingua galega con nivel Celga 4, para aqueles que non dispoñan do dito título.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código (PR410A) e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 5. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos relativos á nacionalidade, idade e titulación das persoas participantes e incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI da persoa solicitante.



b) Títulos oficiais universitarios que consten no Rexistro Central do Ministerio de Educación e que dean acceso á subescala en que se inscriba.

c) Título Celga 4.

2. No caso de que as persoas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 6. *Realización da proba tipo test e da proba de coñecemento de galego*

1. Os candidatos que resulten admitidos definitivamente serán convocados pola Dirección Xeral de Administración Local no prazo dun mes para a realización da proba tipo test que versará sobre o temario relacionado para cada subescala no anexo I da Orde do 30 de novembro de 2017.

2. O exame sobre o temario consistirá na realización de 60 preguntas tipo test das cales 30 serán comúns e 30 específicas para cada subescala.

3. A duración total da proba sobre o temario será de 120 minutos.

4. Cada aspirante realizará as preguntas específicas propostas para cada unha das subescalas en que estea inscrito.

5. Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no mesmo lugar en que se realizou e na páxina web de Eido Local.

6. O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 30 puntos. Corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

7. Así mesmo, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento do idioma galego no momento da presentación de solicitudes, serán convocadas para a realización da correspondente proba o mesmo día da realización da proba tipo test sobre o temario. A proba



de coñecemento de galego consistirá nunha tradución de dous textos, un en galego para traducir ao castelán e outro en castelán para o galego nun tempo máximo de 90 minutos.

Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electrónicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. En todo caso, entenderase rexeitada a notificación cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a notificación realizarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional única. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para infor-



mar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través do correo electrónico administracionlocal@xunta.gal.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Marta Fernández-Tapias Núñez
Directora xeral de Administración local




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDIMENTO ACCESO ÁS BOLSAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL MEDIANTE INTERINIDADE DE POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PR410A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CORPO E ESPECIALIDADE A QUE ASPIRA	Zona de preferencia
1. <input type="text"/>	<input type="text"/>
2. <input type="text"/>	<input type="text"/>
3. <input type="text"/>	<input type="text"/>

TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA PARA A INCORPORACIÓN ÁS LISTAS	
TITULACIÓN	DATA TITULACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE DA TITULACIÓN	ORGANISMO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TITULACIÓN	DATA TITULACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE DA TITULACIÓN	ORGANISMO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos. 2. Que reúne as condicións exixidas no artigo 3 da Orde do 30 de novembro de 2017, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude, se for necesario.



**XUNTA DE GALICIA**
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**ANEXO I**
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- | |
|--|
| <input type="checkbox"/> Certificación de exames superados. |
| <input type="checkbox"/> Certificación de servizos prestados. |
| <input type="checkbox"/> Certificación oficial que acredite o coñecemento da lingua galega co nivel Celga 4. |

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Títulos oficiais universitarios que consten no Rexistro Central do Ministerio de Educación e que dean acceso á subescala na que se inscriba.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Título Celga 4.	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a administracionlocal@xunta.gal


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de novembro de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.


Resolución do 1 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se efectúa a convocatoria para o acceso ás bolsas para a provisión temporal, mediante interinidade, de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional das entidades locais galegas.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Administración Local

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>